

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 30 DE XULLO DE 2018

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 11:05 horas do día 30 de xullo de 2018, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada polo presidente o 26 de xullo de 2018, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidenta: D^a. María Jesús Lago Rey

Vocais: D^a. Margarita Parajó Calvo (asiste aos puntos 2 e 4a)
D^a. Susana García Álvarez (asiste aos puntos 4b, 4c, e 11)
D^a. María Isabel Fernández Gabriel (asiste ao punto 1)
D^a. Olga Gómez Corbal
D. José Riesgo Boluda (asiste aos puntos 1, 2, 4b, 4c e 11a)
D^a. Beatriz Barbará Rodríguez (asiste aos puntos 2, 4a, 4b, 4c e 11)
D. José Ángel Otero Lamas (asiste aos puntos 2 e 4a por delegación de D. Jerónimo Centrón Castaños do 30.07.18)
D. Óscar Couce Senra (asiste ao punto 11a)

Secretaria: D^a. Ángela Fernández López

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

1.- Aprobación de actas**a) Acta da sesión do 20 de xullo de 2018**

Apróbase a acta da sesión do 20 de xullo de 2018 cos votos de D^a. María Isabel Fernández Gabriel, D. Olga Gómez Corbal, D. José Riesgo Boluda e D^a. María Jesús Lago Rey.

2.- Apertura administrativa**a) Procedemento aberto das obras do reforzo da capa de rodaxe do firme dun camiño municipal anexo á estrada do Zondal, inicio pp.kk. 4+800 (66-441)**

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na plataforma de licitación electrónica e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e comunica aos membros da Mesa a incidencia recollida no referido certificado (*"Así mesmo, o 24 de xullo, recibíuse un fax da empresa HORDESCON, S.L., comunicando un fallo no portal de licitación electrónica, reenviando a súa oferta o 30 de xullo no rexistro web deste Concello, documento 180125899 remitido por Maria Dolores Blanco Quintas"*).

En relación con esta incidencia, a secretaria aclara que a empresa HORDESCON, S.L. enviou por correo electrónico a contratacion@vigo.org e ao Rexistro Xeral a pegada dixital do sobre electrónico en cumprimento do esixido na cláusula 14 do prego de cláusulas administrativas particulares, se ben, tal e como se indica na referida cláusula, o sobre electrónico xerado e asinado debería ser entregado en soporte electrónico no Rexistro



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/05/2024 16:52	Páxina 1 de 11
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABAD41-C43232-B84385-DBZ89C-4BKU98-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Xeral do Concello de Vigo no prazo das 24 horas posteriores á data límite de presentación das proposicións.

Con data do 30 de xullo de 2018 a empresa, en lugar de presentar o sobre electrónico presentou, a través do Rexistro Electrónico do Concello, os documentos que deberían ir nel incluídos. Compróbase na propia sesión que os documentos enviados non están encriptados polo que non se garante o segredo das proposicións.

A continuación, a secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algúns dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses co/s licitador/es, polo que se procede á descriptación dos ficheiros correspondentes ao sobre A "Documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos". Tras a súa cualificación, a Mesa, por unanimidade dos membros asistentes a esta sesión, acorda:

- a) Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos (DEUC e, no seu caso, Anexo II, III e IV):
1. NAROM, S.L.
 2. MOVIMIENTOS DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L. (MARCONSA)
 3. NEMESIO ORDOÑEZ, S.A.
 4. CONSTRUCCIONES VALE, S.L.
 5. MISTURAS OBRAS E PROYECTOS, S.A.
 6. NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.
 7. CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.
 8. CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S.L.
- b) Non admitir neste procedemento a HORDESCON, S.L. por non ter cumprido os requisitos de presentación electrónica das proposicións esixidos no cláusula 14 do prego de cláusulas administrativas particulares ("*No suposto de que, por razóns técnicas de comunicación, non imputables ao licitador, non puidese facerse efectiva a entrega da proposición mediante a canle electrónica, o software PLYCA Empresas, xerará un código específico de verificación (HASH) "pegada dixital" que se mostrará en pantalla, antes de realizar o envío. Este código deberá ser remitido por FAX ao nº 986 226 206 e por correo electrónico a contratacion@vigo.org, ou entregado no Rexistro Xeral do Concello de Vigo sito na Praza do Rei s/n Vigo. O **sobre electrónico** xerado e asinado deberá ser entregado en soporte electrónico ou no Rexistro Xeral do Concello de Vigo no prazo das 24 horas posteriores á data límite de presentación das proposicións*") e na disposición adicional 16ª da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público. O licitador, en lugar de presentar a través do Rexistro do Concello o sobre electrónico requirido no prego, presentou os documentos non encriptados que compoñen a súa oferta.

4.- Apertura económica

a) Procedemento aberto das obras do reforzo da capa de rodaxe do firme dun camiño municipal anexo á estrada do Zondal, inicio pp.kk. 4+800 (66-441)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/05/2024 16:52	Páxina 2 de 11
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABAD41-C43232-B84385-DBZ89C-4BKU98-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

En acto público procédese á descriptación dos ficheiros correspondentes ao sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" dos licitadores presentados e admitidos co seguinte resultado:

	Licitador	Prezo
1	NAROM, S.L.	114.553,05 €
2	MOVIMIENTOS DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L. (MARCONSA)	96.803,41 €
3	NEMESIO ORDOÑEZ, S.A.	89.710,22 €
4	CONSTRUCCIONES VALE, S.L.	86.407,15 €
5	MISTURAS OBRAS E PROYECTOS, S.A.	100.688,94 €
6	NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.	85.507,72 €
7	CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.	100.154,20 €
8	CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S.L.	69.705,68 €

A presidenta e a secretaria asinan a documentación presentada.

Asiste á apertura D. Manuel Alonso Vasconcelos, con DNI 36.162.266-X, en representación da Federación Galega da Construción

Ao abeiro do previsto no apartado 7D do Anexo I e da cláusula 18.1A do PCAP procédese nesta sesión a realizar os cálculos pertinentes para comprobar se algunha das ofertas contén valores anormais:

Na citada cláusula 18.1A indícase:

"1.- Considerarase que a proposición contén ofertas anormalmente baixas nos seguintes casos:

a) Se o contrato debe adjudicarse tendo en conta o prezo como único criterio de valoración, se aplicarán os parámetros obxectivos que se prevexan regulamentariamente".

Segundo o artigo 85.4 do Regulamento da Lei de Contratos (RD 1098/2001, do 12 de outubro) "Cuando concurren cuatro o más licitadores, las que sean inferiores en más de 10 unidades porcentuales a la media aritmética de las ofertas presentadas. No obstante, si entre ellas existen ofertas que sean superiores a dicha media en más de 10 unidades porcentuales, se procederá al cálculo de una nueva media sólo con las ofertas que no se encuentren en el supuesto indicado. En todo caso, si el número de las restantes ofertas es inferior a tres, la nueva media se calculará sobre las tres ofertas de menor cuantía".

Para a realización dos cálculos, tense en conta o previsto no artigo 86.1 do RD 1098/2011 "A los efectos de lo dispuesto en el artículo 83.3 de la Ley, cuando empresas pertenecientes a un mismo grupo, entendiéndose por tales las que se encuentren en alguno de los supuestos del artículo 42.1 del Código de Comercio, presenten distintas proposiciones para concurrir individualmente a la adjudicación de un contrato, se tomará únicamente, para aplicar el régimen de apreciación de ofertas desproporcionadas o temerarias, la oferta mas baja, produciéndose la aplicación de los efectos derivados del



procedimiento establecido para la apreciación de ofertas desproporcionadas o temerarias, respecto de las restantes ofertas formuladas por las empresas del grupo". Tendo en conta que ningunha das ofertas forman parte do mesmo grupo empresarial, serán tidas en conta todas as ofertas admitidas.

Importe da licitación	153.792,26 €
Licitadores	Importe de oferta
Taboada y Ramos	69.705,68 €
Nexia Infraestructuras	85.507,72 €
Construcciones Vale	86.407,15 €
Nemesio Ordoñez	89.710,22 €
MARCONSA	96.803,41 €
Fechi	100.154,20 €
Misturas	100.688,99 €
Naron	114.553,05 €
Media das ofertas	92.941,30 €
10%	9.294,13 €
Media - 10%	83.647,17 €
Media + 10%	102.235,43 €

Unha das ofertas é superior ao valor medio máis 10 unidades porcentuais, polo cal débese calcular unha nova media sen ter en conta esta oferta:

Licitadores	Importe de oferta
Taboada y Ramos	69.705,68 €
Nexia Infraestructuras	85.507,72 €
Construcciones Vale	86.407,15 €
Nemesio Ordoñez	89.710,22 €
MARCONSA	96.803,41 €
Fechi	100.154,20 €
Misturas	100.688,99 €
Media das ofertas	89.853,91 €
10%	8.985,39 €
Media - 10%	80.868,52€

De acordo cos cálculos anteriores a oferta presentada pola mercantil TABOADA Y RAMOS S.L., cunha oferta de 69.705,68 €, contén valores anormais xa que é inferior á media aritmética das ofertas presentadas menos 10 puntos porcentuais, polo que a Mesa acorda, por unanimidade, iniciar o procedemento previsto no artigo 149 da LCSP con TABOADA Y RAMOS S.L. por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados, concedéndolle un prazo de tres días hábiles para xustificar a súa oferta.

b) Procedemento aberto para a contratación do subministro de vestuario para o persoal municipal (4.799-440)



A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algúns dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

A continuación, o xefe da Área de Investimentos, presente na sesión, aclara que no informe de valoración dos criterios avaliábeis mediante xuízo de valor por el asinado na data 19 de xullo de 2018 se detectou un erro na transcripción da puntuación no apartado A.2) e de forma específica en relación ao lote nº 4, polo que se entrega un novo informe de data 30 de xullo no que se aclara que os apartados da xustificación da puntuación outorgada neste apartado se atopaban intercambiadas. Este informe é entregado aos membros da Mesa, que o acepta, por unanimidade, polo que se procede acto seguido á súa publicación no perfil de contratante.

Ábrese sesión pública e entrégase ao público asistente o informe citado no parágrafo anterior. Posteriormente, a presidenta comunícalle que as empresas SUMINISTROS PUNTO FIJO, S.L. (LOTE nº 1 e nº 3) e DANNERBOOTS, S.L. (LOTE nº 4) foron excluídas deste procedemento, por acordo da Mesa de Contratación na sesión do 24 de xullo de 2018, por non acadar o umbral do 50% da puntuación máxima no criterio de xuízo de valor, cuantificado en 50 puntos, previsto no apartado 9.A.2 do Anexo I -FEC- do prego de cláusulas administrativas particulares (*"serán excluídas do proceso de licitación as ofertas que non acaden na puntuación dos criterios de xuízo de valor o 50 % da puntuación máxima da totalidade dos mesmos, por considerarse que teñen unha calidade técnica inadecuada"*).

A continuación ábrese o Sobre C *"proposición avaliábeil mediante fórmula"* dos licitadores presentados e admitidos co seguinte resultado:

Licidador	Prezos lote 1	Baixa lote 1	Prezos lote 2	Baixa lote 2	Prezos lote 3	Baixa lote 3	Prezos lote 4	Baixa lote 4
SAGRES, S.L. (lote 4)							485.762,15 €	13%
PEYCAR PONTEVEDRA, S.L. (lotes 1, 2 e 3)	77.773,47 €	5%	206.993,17 €	5%	101.935,95 €	5%		

A presidenta e a secretaria asinan a documentación presentada.

Asisten á apertura D. Pablo Álvarez Pérez, con DNI 53.184.725-P e D. Jaime Salgueiro Lorenzo, con DNI 36.107.781-N, ambos os dous en representación de SAGRES, S.L.

De conformidade coa cláusula 15.3 do PCAP, *"As fórmulas só serán de aplicación para valorar ofertas admitidas. As ofertas que conteñan valores anormais ou desproporcionados de acordo co establecido na cláusula 17 deste prego, non serán obxecto de valoración. Tampouco serán de aplicación cando no procedemento só exista un licitador admitido. Neste caso outorgaráselle a máxima puntuación sen necesidade de aplicar a fórmula"*. Dado que neste procedemento só existe un único licitador para cada un dos lotes, a Mesa acorda, por unanimidade, outorgar a seguinte puntuación:

LOTE Nº 1 "Calzado":

Licitador	Puntuación (PF)	
	Prezo total para cada lote a través da aplicación do prezo	Redución do prezo unitario sobre elementos no incluídos no anexos do



	unitario ofertado para os prezos unitarios do cadro de prezos do anexo PPTP (PE)	pptp pertencentes as mesmas familias de produtos que se inclúen no lote (PE2)
PEYCAR PONTEVEDRA, S.L.	85 puntos	15 puntos
Coeficiente de ponderación	60 puntos	

LOTE Nº 2 “Prendas ou elementos de uniformidade xeral”:

Licitador	Puntuación (PF)	
	Prezo total para cada lote a través da aplicación do prezo unitario ofertado para os prezos unitarios do cadro de prezos do anexo PPTP (PE)	Redución do prezo unitario sobre elementos no incluídos no anexos do pptp pertencentes as mesmas familias de produtos que se inclúen no lote (PE2)
PEYCAR PONTEVEDRA, S.L.	85 puntos	15 puntos
Coeficiente de ponderación	60 puntos	

LOTE Nº 3 “Roupa de traballo coa condición de EPIs”:

Licitador	Puntuación (PF)	
	Prezo total para cada lote a través da aplicación do prezo unitario ofertado para os prezos unitarios do cadro de prezos do anexo PPTP (PE)	Redución do prezo unitario sobre elementos no incluídos no anexos do pptp pertencentes as mesmas familias de produtos que se inclúen no lote (PE2)
PEYCAR PONTEVEDRA, S.L.	85 puntos	15 puntos
Coeficiente de ponderación	60 puntos	

LOTE Nº 4 “Prendas ou elementos da uniformidade específica do servizo de Policía local”:

Licitador	Puntuación (PF)	
	Prezo total para cada lote a través da aplicación do prezo unitario ofertado para os prezos unitarios do cadro de prezos do anexo PPTP (PE)	Redución do prezo unitario sobre elementos no incluídos no anexos do pptp pertencentes as mesmas familias de produtos que se inclúen no lote (PE2)
SAGRES, S.L.	85 puntos	15 puntos



Coeficiente de ponderación	60 puntos
----------------------------	------------------

Tendo en conta as puntuacións outorgadas no informe de valoración das proposicións avaliadas mediante fórmula, as puntuacións totais, por orde decrecente, son as seguintes:

LOTE Nº 1 "Calzado":

Licitador	Puntuación criterios xuízo valor	Puntuación criterios fórmula	Puntuación total
PEYCAR PONTEVEDRA, S.L.	30	60	90

LOTE Nº 2 "Prendas ou elementos de uniformidade xeral":

Licitador	Puntuación criterios xuízo valor	Puntuación criterios fórmula	Puntuación total
PEYCAR PONTEVEDRA, S.L.	30	60	90

LOTE Nº 3 "Roupa de traballo coa condición de EPIs":

Licitador	Puntuación criterios xuízo valor	Puntuación criterios fórmula	Puntuación total
PEYCAR PONTEVEDRA, S.L.	30	60	90

LOTE Nº 4 "Prendas ou elementos da uniformidade específica do servizo de Policía local":

Licitador	Puntuación criterios xuízo valor	Puntuación criterios fórmula	Puntuación total
SAGRES, S.L.	40	60	100

Á vista das actuacións e acordos desta Mesa de Contratación e do informe de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

"Primeiro.- Dar conta das exclusións acordadas pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 24 de xullo de 2018, dos licitadores que deseguido se relacionan por non acadar o umbral do 50% da puntuación máxima no criterio de xuízo de valor, cuantificado en 50 puntos, previsto no apartado 9.A.2 do Anexo I -FEC- do prego de cláusulas administrativas particulares:

- LOTE nº 1: SUMINISTROS PUNTO FIJO, S.L.



- LOTE nº 3: SUMINISTROS PUNTO FIJO, S.L.
- LOTE nº 4: DANNERBOOTS, S.L.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento procedemento aberto para a contratación do subministro de vestiario para o persoal municipal (4.799-440) na seguinte orde descendente:

LOTE Nº 1 “Calzado”:

Licitador	Puntuación total
PEYCAR PONTEVEDRA, S.L.	90

LOTE Nº 2 “Prendas ou elementos de uniformidade xeral”:

Licitador	Puntuación total
PEYCAR PONTEVEDRA, S.L.	90

LOTE Nº 3 “Roupa de traballo coa condición de EPIs”:

Licitador	Puntuación total
PEYCAR PONTEVEDRA, S.L.	90

LOTE Nº 4 “Prendas ou elementos da uniformidade específica do servizo de Policía local”:

Licitador	Puntuación total
SAGRES, S.L.	100

Terceiro.- Requerir aos licitadores clasificados en primeiro lugar, PEYCAR PONTEVEDRA, S.L. (lotes 1, 2 e 3) e SAGRES, S.L. (lote4), para que presenten, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Cuarto.- Requerir aos citados licitadores o aboamento de 1.791,17 euros (447,80 euros por lote) en concepto de custos dos anuncios de licitación”.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/05/2024 16:52	Páxina 8 de 11
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABAD41-C43232-B84385-DBZ89C-4BKU98-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

c) Procedemento aberto para contratación da redacción do proxecto decorativo de iluminación e subministro dos elementos decorativos, así como o servizo de instalación, mantemento e desmorte dos elementos lumínicos ornamentais nas campañas do Nadal 2018-2019, 2019-2020 e 2020-2021 (5.480-106)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algúns dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses co/s licitador/es.

En acto público ábrese o Sobre C “Proposición avaliable mediante fórmula” dos licitadores presentados e admitidos co seguinte resultado:

Licitadores	Nº arcos		Nº motivos		Equipo son	Equipo audiovisual	Equipo iluminación escenario	Outros	stock seguridade	M2 rotulo Concello	Ud iluminación arbores	Prezo	ISO 9001	ISO 14001
	ARC 06	ARC 08	Mot 09	Mot 49										
CREACIONES LUMINOSAS, S.L.	46	14	118	12	si	si	si	si	5%	139m ²	10	2.400.912,80	non	non
ILUMINACIONES XIMÉNEZ, S.A.	46	14	118	12	si	si	si	si	5%	108m ²	10	2.474.614,56	si	si

Os dous licitadores presentan o orzamento detallado esixido no PCAP.

A presidenta e a secretaria asinan a documentación presentada.

Non asiste público á apertura.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor.

11.- Propostas de adjudicación

a) Procedemento aberto do contrato administrativo especial para a venda da parcela municipal nº 3.928 do inventario municipal de bens e dereitos do Concello de Vigo (19.989-240)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto do contrato administrativo especial para a venda da parcela municipal no 3.928 do inventario municipal de bens e dereitos do Concello de Vigo (19.989-240)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/05/2024 16:52	Páxina 9 de 11
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABAD41-C43232-B84385-DBZ89C-4BKU98-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 12 de xullo de 2018, adoptou o seguinte acordo:

“Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración da proposición presentada, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público - LCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto do contrato administrativo especial para a venda da parcela municipal nº 3.928 do inventario municipal de bens e dereitos do Concello de Vigo (19.989-240) na seguinte orde descendente:

Licitador	Puntuación total
ATTICA 21 HOTELES, S.L.U.	92

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, ATTICA 21 HOTELES, S.L.U., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 23 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

Segundo.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, ATTICA 21 HOTELES, S.L.U., o día 17 de xullo de 2018, que presenta a documentación requirida o 27 de xullo de 2018, dentro do prazo concedido.

Terceiro.- A Mesa de Contratación na sesión do 30 de xullo de 2018 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).



Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar ATTICA 21 HOTELES, S.L.U., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por ATTICA 21 HOTELES, S.L.U., de acordo co informe de valoración da proposición avaliable mediante xuízo de valor de data 3 de xullo de 2018 e do acordo adoptado pola Mesa o 10 de xullo de 2018, polo que se acordou outorgar a máxima puntuación á proposición avaliable mediante fórmula presentada por ATTICA 21 HOTELES, S.L.U. por ser o único licitador presentado e admitido neste procedemento ao abeiro do previsto na cláusula 16.1.B.1 do PCAP.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, proponse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a ATTICA 21 HOTELES, S.L.U. o procedemento aberto do contrato administrativo especial para a venda da parcela municipal nº 3.928 do inventario municipal de bens e dereitos do Concello de Vigo (19.989-240) coas seguintes condicións:

- a) O prezo da compravenda da parcela é de 2.626.000 euros.*
- b) Propón como categoría do hotel a de 4 estrelas superior.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 13:35 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

A presidenta da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)

A secretaria da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/05/2024 16:52	Páxina 11 de 11
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABAD41-C43232-B84385-DBZ89C-4BKU98-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		